

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 15 de abril de 2024 pola que se aproba e se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para cubrir sete prazas da categoría profesional de técnico/a especialista de zonas verdes, grupo III, pola quenda de promoción interna.

Mediante a Resolución do 18 de abril de 2023 (DOG do 27 de abril) convocáronse probas selectivas para cubrir sete prazas da categoría profesional de técnico/a especialista de zonas verdes, grupo III, pola quenda de promoción interna.

Mediante a Resolución do 2 de xuño de 2023 (DOG do 14 de xuño) aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas nas mencionadas probas selectivas, e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión.

Unha vez rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas.

Segundo. Indicar que a citada listaxe definitiva está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Terceiro. Convocar as persoas admitidas para a realización do segundo exercicio da fase de oposición o día 1 de xuño de 2024, ás 9.00 horas, na aula 9 da Facultade de Dereito (avenida de Doutor Ángel Jorge Echeverri s/n), en Santiago de Compostela. Non se realizará o primeiro exercicio dado que todas as persoas aspirantes acreditan o coñecemento de galego.

A publicación dos anuncios de realización dos vindeiros exercicios efectuaráase o tribunal no taboleiro electrónico da universidade e na páxina web mencionada no punto segundo, así coma en calquera outro lugar que considere oportuno.

CVE-DOG: kt0l4ju0-0pk3-hvw7-nos1-yel0hww49vj7



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: kt0l4ju0-0pk3-hvw7-nos1-yel0hww49vj7

